

BASES DE PARTICIPACIÓN

ROTEIRO INFANTIL SAMAÍN 2024

1. Entidade organizadora:

A Entidade organizadora do presente Roteiro nocturno denominado “Roteiro Infantil Samaín Mondariz-Balneario 2024” é o concello de Mondariz-Balneario.

2. Obxecto do roteiro:

Constitúe o obxecto do Roteiro Infantil promover a participación veciñal, sobre todo das crianzas, na vida comunitaria do concello, cunha actividade lúdica e recreativa deseñada especificamente para este grupo. Para elo, deseñouse un roteiro coa temática do Samaín que atravesa a vila, e que no seu percorrido polas casas da veciñanza, as veciñas e veciños agasallarán á cativada con lambetadas. Ao remate do percorrido haberá chocolate e rosca para as persoas participantes xunto con baile, concurso de disfraces e premios.

3. Condicións de participación:

3.1 Poderá participar no Roteiro a cativada de 0 a 14 anos que estea empadroada no concello de Mondariz-Balneario (será necesario acreditar esta condición), e que acudan acompañados dun adulto responsable que teña vinculación familiar directa co cativo ou cativa (nai, pai ou persoa responsable ao cargo). No caso de que sobren prazas, estas habilitaranse para a participación de nenas e nenos doutros concellos con idades comprendidas entre os 0 e os 14 anos, que deberán vir acompañados dun adulto responsable co que teña vinculación familiar directa (nai, pai ou persoa responsable ao cargo).

Non poderá participar no roteiro ningunha persoa que non teña realizada e confirmada a inscrición previa. Non se poderá inscribir a ningún neno ou nena que non teña unha relación familiar directa coa persoa adulta. Comprobarase mediante a achega de documentación esta condición (DNI dos participantes e do adulto responsable ou libro de familia).

3.2 A participación no Roteiro é de balde.

3.3 Os participantes repartiranse en grupos atendendo aos criterios que a organización estime precisos para o mellor desenvolvemento do roteiro. Os participantes que estean asignados a un grupo non poderán cambiarse a outro.

3.4 As persoas inscritas aceptan expresamente as presentes bases bases como condición necesaria para participar no roteiro. O incumprimento das bases por calquera participante implicará a non participación no roteiro.

4. Procedemento para participar:

4.1 Para participar no Roteiro, as persoas participantes deberán inscribirse a través da sede electrónica do concello na páxina web (www.mondarizbalneario.gal) enchendo o formulario e achegando a documentación obrigatoria (padrón, Dni dos participantes ou copia do libro de familia) a través dun modelo tipo firmado pola persoa responsable. Tamén poderán facelo presencialmente na biblioteca en horario habitual, enchendo o formulario e presentando a documentación xustificativa.

4.2 Así mesmo, será requisito indispensable que se acepten expresamente as bases e a política de privacidade do Roteiro, incluídas as disposicións en materia de protección de datos e propiedade intelectual.

4.3 Os prazos para anotarse no Roteiro poderán ser dous. Do **1 ao 16 de outubro** para a **cativada empadroada no concello de Mondariz-Balneario**. No caso de que non se cubran a totalidade das prazas, do **17 ao 25 de outubro** para a **cativada que non estea empadroada no concello de Mondariz-Balneario**.

Unha vez pechado o prazo de inscrición no Roteiro ou esgotadas as prazas, a entidade organizadora comunicarlles aos participantes se foron admitidos ou non.

5. Normas de comportamento:

5.1 É preciso que se respecten e se manteñan limpas as propiedades privadas dos veciños e veciñas da vila, así como as instalacións e material decorativo que o concello pon a disposición das persoas participantes. Débese atender ás instrucións dos monitores e monitoras que estarán a cargo dos grupos, así como as da veciñanza que, desinteresadamente, participan como voluntarios e voluntarias proponendo espectáculos para que esta actividade sexa atractiva e positiva para todas e todos.

6. Concursos e premios:

Haberá un concurso de disfraces con varios premios nas diferentes categorías para a cativada. Así mesmo, concederáse un premio á casa mellor decorada. Os premios doados polos colaboradores daranse a coñecer no mesmo momento do concurso.

O xurado estará formado por membros da entidade organizadora e persoal colaborador.

7. Desenvolvemento do Roteiro o 31 de outubro:

-Será obrigatorio chegar ás 18.15 horas á casa do concello para confirmar a asistencia e situarse no grupo correspondente segundo os parámetros que estimou a organización.

-Saída ás 19.00 horas do primeiro grupo, seguida das saídas dos outros grupos de 5 en 5 minutos.

-Percorrido pola vila e recollida de lambetadas seguindo as instrucións dos monitores e do persoal voluntario.

-Chegada ao mercado de abastos. Baile, chocolate e rosca.

- Concurso e premios.

-Finalización da actividade.